

DEBERES

Abbas Kiarostami, 1989

936

ESTREA EN NUMAX: 24.05.2022 | V.O.S.E. | TP | 86 min

Segunda longametraxe documental de Kiarostami sobre a educación, no que o propio director fai as preguntas, sondeando a alumnado de primeiro e segundo grao sobre as situacións do seu fogar e o traballo escolar que deben facer alí. Resulta que moitos pais son analfabetos. De xeito revelador, moitos son capaces de definir o que é o castigo (o de índole corporal parece común) pero non o termo de ánimo.



Un museo da tortura

Por Pat Padua

Aínda que Abbas Kiarostami pode parecer un dos cineastas máis amables do planeta un dos seus escenarios preferidos, a aula do Irán contemporáneo, foi nomeada polo crítico Mehrnaz Saeed-Vafa como un «museo da tortura». En 1987 Kiarostami dirixiu *Onde está a casa do meu amigo?* na que pon en escena a ansiedade dun rapaz tentando superar os obstáculos da xente adulta para atopar o seu amigo e evitar que sexa castigado. A este filme segue un documental que podemos definir como a arrepiante versión na vida real da crise ficticia que vive o protagonista de *Onde está a casa...*

Deberes (1989) supostamente xorde cando o propio Kiarostami tivo problemas para axudar o seu fillo pola cantidade de deberes que lle mandaban os seus mestres. Un dos poucos adultos entrevistados no filme insiste en que o exceso de deberes é endémico da sociedade iraniana, porén en América non é moi diferente e historias como a de *Onde está a casa do meu amigo?* non son tan afastadas do mundo occidental como poida semellar.

Alén das tomas grupais do alumnado do inicio e o remate do filme, *Deberes* consiste en entrevistas con alumnos sobre os seus deberes: cantos teñen que facer e con que problemas se enfrontan. Os estudantes máis aplicados de primeiro e segundo grao lamentáanse de que teñen que traballar duro toda a tarde, moitas veces perden os debuxos animados por conta diso e mesmo estudar até medianoite. Pero os momentos máis impactantes non son tanto os que inciden nos detalles dos deberes como na observación sobre como educan os pais iranianos.

O tema do castigo percorre todo o filme. Un estudante tras outro explica como seus pais empregan acotío o cinto como modo de castigo. Se ben un deles semella inmune ao castigo, a maioría deles víveno coa vergoña do derrotado. A louvanza semella allea ao seu día a día. Cando se lles pregunta: "qué é dar ánimos?" moitos responde: "non o sei".

As entrevistas de *Deberes* foron realizadas nunha escola pública dunha área empobrecida de Teherán onde o 37% dos pais do alumnado eran analfabetos. Se pensamos en Kiarostami cos seus lentes escuros a entrevistar os rapaces podemos pensar que estes se sentisen intimidados. O maior medo que se percibe no filme ten a ver coa educación relixiosa. As tomas grupais amosan un grupo de nenos a recitar oracións islámicas, pero cara ao final do filme vemos que a película foi censurada en Irán. A pesar da estrita disciplina relixiosa da escola en Irán que os rapaces cumpren a nivel grupal, as autoridades pedíronlle a Kiarostami que non amosase as escenas do rezo por non teren sido recitadas ao unísono por todos os rapaces. *Deberes* foi producido por Kanun, a axencia estatal de educación que produciu os primeiros filmes de Abbas e finalmente era unha entidade governamental.

Ante este requisito o director en lugar de cortar a metraxe simplemente tentou silenciar o son, o que amplificaba aínda máis a escasa disciplina dos rapaces. O filme foi igualmente censurado. Pero máis arrepiante ca esas escenas é a toma final do neno aterrorizado. Kiarostami pídelle que recite unha das súas oracións e a súa resposta perfectamente aceptable pecha o filme. Que clase de sistema educativo pode infundir tal medo no estudantado?